



DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS (A CORUÑA),

INFORMA:

O Instituto Galego de Estatística en cumprimento co Plan Galego de estatística 2017-2021 (Lei 15/2016, do 28 de xullo, DOG nº 145 do 2 de agosto de 2016) está a realizar unha “**Enquisa estrutural a fogares**”.

Segundo nos comunican dende ese organismo esta enquisa vai dirixida a fogares repartidos por todo o territorio galego e inclúe vivendas pertencentes a este concello, as cales serán visitadas entre o **6 e o 19 de maio** por un entrevistador debidamente acreditado.

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta remitida polo Instituto Galego de Estatística na que se lles **informa da obriga** de facilitar os datos, tal e como indica o artigo 18 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, e de que a información proporcionada é **estritamente confidencial** e está protexida polo segredo estatístico, segundo establecen os artigos 24.28 da citada Lei.

Oza-Cesuras, 24 de abril de 2019

O Alcalde,
Asdo.: José Pablo González Cacheiro